



AGAPEMA



XV FEIRA


MATEMÁTICA

As matemáticas nos camiños de Santiago

PALEXCO | A Coruña | 30 de abril de 2022



Carta xeométrica de Galicia. Domingo Fontán



AGAPEMA, Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática, organiza con motivo do Día Escolar das Matemáticas, a XV FEIRA MATEMÁTICA, en PALEXCO, A Coruña, o día 30 de abril de 2022.

Dende o ano 2000 o día 12 de maio celébrase o Día Escolar das Matemáticas, e a Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA), celébrao cunha Feira Matemática.

Este ano a XV Feira Matemática celebrarase o 30 de abril, sábado, no Hall de Proa de PALEXCO, dende as 10:30 h ata ás 20:00 h e está aberta a todas as etapas do ensino, desde Educación Infantil á Universidade, e ao público en xeral.

A Feira Matemática é unha xornada pensada para a divulgación das Matemáticas e está dirixida ás alumnas e alumnos de Educación Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional, así como ao profesorado e ao público en xeral. Cada centro, cada profesor, cada grupo de alumnos, poden expoñer, vender, mercar unha ou máis propostas didácticas ou actividades matemáticas. Haberá tamén exposicións, concursos de fotografía matemática, de monólogos e de esopías, xogos, exhibicións, etc.

Cada centro ou entidade participante disporá dun posto para mostrar experiencias de aula, xogos, exposicións, puzzles e todo tipo de actividades relacionadas coas matemáticas. En cada un dos postos os visitantes poden realizar actividades relacionadas coas matemáticas, que seranlles explicadas polos estudantes encargados dese posto.

Por participar nas diferentes actividades programadas os visitantes recibirán **AGAPEMOS** (a moeda da Feira Matemática), que permitirán adquirir libros, regalos, xogos... ata esgotar as existencias.

Nesta edición, o Día Escolar das Matemáticas está dedicado a "**As matemáticas nos camiños de Santiago**" o que pode dar ideas para que algunhas das actividades que se presenten xiren en torno a informática e o papel que está a xogar na vida diaria, na educación, etc.

Estas e outras actividades queren ser un xeito de amosar o achegamento da ciencia, en particular das ciencias matemáticas, aos cidadáns, afastándonos de aspectos formais, sen que por iso perda o rigor nin diminúa a importancia do que a ciencia representa na sociedade actual.

Con motivo da Feira, convócanse tamén este ano o XIV Concurso de Fotografía Matemática, o XI Certame de Matmonólogos e o VII Concurso de Esopías. Toda a información dos concursos, así como o envío de materiais atópase na web: mateblog.agapema.org

Para cada un dos tres concursos establécense tres categorías: alumnado de Educación Primaria e 1º ciclo da ESO, alumnado de 2º ciclo da ESO e Bacharelato, e adultos. Ademais en cada un dos concursos outorgarase un premio ao traballo máis votado na web. A entrega dos premios farase ao longo da Feira e haberá un espazo reservado á presentación e defensa dos traballos presentados polos seus autores.

Ademais deste acto, ao longo da mañá e da tarde haberá momentos adicados á maxia matemática, varias sesións de Pescuda do Tesouro, obradoiros de papiroflexia e remataremos cun Bingo Matemático. Tamén contaremos cun espazo para Prácticas de Reanimación Cardiopulmonar, promovido polo Colexio Oficial de Médicos da Coruña.

A **Comisión organizadora** da Feira está constituída polos seguintes profesores:

Alberto Fortes Novoa, Carmen Peñamaría Ramón, Elena Segade Pampín, Enrique de la Torre Fernández, Francisco Álvarez Fontenla, Francisco Vila Baleato, Isabel Miguélez Pose, M^a Cristina Naya Riveiro, M^a Pilar Orizales Teijeiro, Óscar Domínguez Pérez, Raquel Seisdedos Hermo, Sandra Sambade Nieto e Santiago López Arca

Día escolar das matemáticas



Celébrase para conmemorar o nacemento do matemático catalán **Pedro Puig Adam**, que naceu en Barcelona o 12 de maio de 1900.

Imaxe da exposición: O rostro humano das matemáticas (RSME).

O día Escolar das matemáticas celébrase desde o ano 2000 (Ano Mundial das Matemáticas) e os lemas de todos estes anos foron:

- 2000: *Pon un poliedro na túa vida.*
- 2001: *Constrúe un reloxo de sol no teu centro.* 2002: *As matemáticas de Alicia e Gulliver.*
- 2003: *A Rosa dos ventos, o rumbo e a navegación.*
- 2004: *Froitas e matemáticas.*
- 2005: *O Quixote e as matemáticas.*
- 2006: *Mirar a arte con ollos matemáticos.*
- 2007: *Matemáticas e educación para a Paz.*
- 2008: *Música e Matemáticas.*
- 2009: *A Cidade e as Matemáticas.*
- 2010: *Prensa e Matemáticas.*
- 2011: *As matemáticas da química.*
- 2012: *Matemáticas e economía.*
- 2013: *Matemáticas e recursos hídricos.*
- 2014: *Matemáticas e computación.*
- 2015: *Xogos e Matemáticas*
- 2016: *Matemáticas e Deporte*
- 2017: *Matemáticas e Turismo*
- 2018: *Matemáticas Electorais*

Entidades colaboradoras



DÍA ESCOLAR DAS MATEMÁTICAS

PALEXCO
PAZO DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS
A CORUÑA



www.agapema.org

feiramatematica@agapema.org

Feira Matemática

Xornada pensada para a divulgación das Matemáticas e dirixida aos alumnos e alumnas de Educación Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional así como ao profesorado de Matemáticas e ao público en xeral.



Contidos



Cada centro ou entidade participante disporá dun "stand" para mostrar experiencias de aula, xogos, exposicións, puzzles e todo tipo de actividades relacionadas coas matemáticas.

Ademais haberá outras actividades:

- EXPOSICIÓN.
- CONCURSOS.
- SUDOKUS.
- CUBO DE RUBIK.
- FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA.



Cada visitante poderá solicitar, por actividades realizadas, **AGAPEMOS** (¡a moeda da feira matemática!) e que permitirá adquirir libros, regalos, xogos...



Obxectivos

- Afondar no ensino-aprendizaxe das Matemáticas nas etapas de Infantil, Primaria e Secundaria.




- Utilizar os distintos postos da FEIRA para acadar unha intercomunicación social matemática, lúdica, práctica e agradable.

- Amosar á sociedade aspectos relacionados coas matemáticas e recoller dela todo o seu saber popular dentro desta materia.

- Vincular o que se fai nas aulas coa realidade e viceversa.

- Animar a nenos e maiores a resolver problemas diversos.





Feira Matemática



AGAPEMA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Centros educativos que participan:


CEIP Pedro Barrié de la Maza (Sada)
ETS de Náutica y Maquinas (UDC)
Facultade de CC. da Educación (UDC)
IES A Sardiñeira (A Coruña)
IES María Casares (Oleiros)
IES Maximino Romero de Lema (Baio)
IES Nº 1 de Ordes
IES Ricardo Carvalho Calero (Ferrol)
IES Salvador de Madariaga (A Coruña)
Instituto Universitario de Estudios Marítimos. UDC

Outras entidades participantes:

Fed. Prov. de Anpas - Servizo Municipal Educación
AtlanTICs
Colexio Oficial de Médicos da Coruña
Crece Creando
Instituto Galego de Estatística
Juegos Besa
Proxecto EsTalMat – Galicia
Xefatura Prov. de Tráfico da Coruña

Entidades colaboradoras:





XV FEIRA MATEMÁTICA

30 de abril de 2022



Programa de actividades

Exposicións e mostras

10:30	Apertura e inauguración da Feira D. Jesús Javier Celemin Sánchez Concellaría de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego. Concello da Coruña.	
	D. Salvador Naya Fernández Vicerreitor de Política Científica, Innovación e Transferencia. Universidade da Coruña.	
11:00	Fotografía con todos os participantes	Hall Proa
11:15	Pescuda do Tesouro Cada 15 minutos ata as 14:00 h	Hall Popa
	Obradoiro de Papiroflexia Roberto Santomé Varela	Corredor de Babor
11:30	Prácticas de Reanimación Cardiopulmonar	Hall Proa
12:00	Maxia Matemática Nacho González	Hall Proa
12:30	Prácticas de Reanimación Cardiopulmonar	Hall Proa
13:00	Hotel Conan Doyle	Hall Proa
16:00	Obradoiro de Papiroflexia Roberto Santomé Varela	Corredor de Babor
16:30	Pescuda do Tesouro Cada 15 minutos ata as 19:30 h	Hall Popa
17:00	Maxia Matemática Nacho González	Hall Proa
18:00	Hotel Conan Doyle	Hall Proa
19:00	Entrega de premios: XIV Concurso de Fotografía Matemática VII Concurso de Esopías	Hall Proa
19:30	BINGO MATEMÁTICO	Hall Proa
20:00	Clausura da Feira	

Maxia Matemática
Pescuda do Tesouro
Hotel Conan Doyle
Prácticas de Reanimación Cardiopulmonar
BINGO MATEMÁTICO
Obradoiro de Papiroflexia
Carteis da Feira Matemática

Entidades participantes

CEIP Pedro Barrié de la Maza (Sada)
ETS de Náutica y Maquinas (UDC)
Facultade de CC. da Educación (UDC)
IES A Sardiñeira (A Coruña)
IES María Casares (Oleiros)
IES Maximino Romero de Lema (Baio)
IES Nº 1 de Ordes
IES Ricardo Carvalho Calero (Ferrol)
IES Salvador de Madariaga (A Coruña)
Instituto Universitario de Estudios Marítimos.
UDC
Fed. Prov. de Anpas - Servizo Municipal
Educación
AtlantICS
Colexio Oficial de Médicos da Coruña
Crece Creando
Instituto Galego de Estatística
Juegos Besa
Proxecto EsTalMat – Galicia
Xefatura Prov. de Tráfico da Coruña

